



# **CONCELLO DE XINZO DE LIMIA**

## **CONCELLERÍA DE DEPORTES**

### **BASES GALA DO DEPORTE XINZO DE LIMIA 2024**

O luns día 23 de decembro celebrarase a Gala do Deporte Xinzo de Limia 2024.

O Concello de Xinzo de Limia plantea premiar anualmente a aqueles deportistas, persoas físicas, entidades, clubs, etc., do concello e vinculados a éste, que destacaran de maneira especial ó longo da última tempada pola súa contribución e promoción do deporte.

O obxectivo principal de este acto é recoñecer públicamente o esforzo, dedicación, entrega e, en definitiva, os valores que o deporte comporta, así como que sirva de espello para incentivar ós máis pequenos e á poboación en xeral para a práctica do deporte.

Serán candidatos ós premios:

1. Deportistas individuais que cumpran as seguintes condicións:
  - a. Que participaran nalgún campionato oficial de ámbito provincial, autonómico, nacional ou internacional, obtendo algún resultado meritorio (pódium) a xuício da comisión organizadora da gala.  
Terán que ser nados no concello, veciños empadroados con residencia no concello de Xinzo de Limia, ou con licenza federativa en vigor con algún clube inscrito no rexistro de entidades deportivas do concello.
2. Equipos locais que cumpran as seguintes condicións:
  - a. Que participaran nalgún campionato oficial de ámbito provincial, autonómico, nacional ou internacional, obtendo algún resultado meritorio (Campión) a xuício da comisión organizadora da gala.  
Deberán estar inscritos no rexistro de entidades deportivas do concello.
3. Deportistas que sendo locais, formen parte de equipos non vinculados ó concello de Xinzo de Limia, e que obtiveran algún resultado meritorio (campións) a nivel nacional ou superior.

O comité organizativo, poderá propor para ser premiados a adestradores/monitores, directivos, clubs deportivos, que legalmente constituídos e inscritos no rexistro correspondente, desenrolen a súa actividade vinculada ó Concello de Xinzo de Limia.

Tamén poderán ser candidatos a premio as empresas, clubs ou persoas que acrediten a súa colaboración desinteresada polo deporte de Xinzo de Limia.

A Concellería de Deportes, como entidade organizadora, poderá incluír algún premio non establecido nas bases coa denominación de premio ou mención especial cando as circunstancias ou a criterio técnico o estime convinte.

As candidaturas deberán presentarse dentro dos prazos previstos na convocatoria.

O prazo de presentación de candidaturas comprende dende a publicación de estas bases ata ás 14:00 h do 9 de decembro de 2024. Deberán entregarse no rexistro, na sede electrónica do Concello de Xinzo de Limia ou na oficina do Pavillón de Deportes.

As candidaturas poderán ser propostas por calquera persoa física ou xurídica do concello (directamente ou a proposta de calquera entidade).

Na solicitude, farase constar unha relación dos méritos alegados, as actividades realizadas e os resultados obtidos na tempada 2023/2024.

Por outra parte, un xurado será o encargado de votar e elixir os gañadores dos seguintes premios:

- Mellor Deportista absoluto masculino.
- Mellor Deportista absoluta feminina.
- Mellor Deportista promesa masculino.
- Mellor Deportistas promesa feminina.
- Mellor equipo absoluto.
- Mellor equipo de base.
- Mención especial do xurado.

Xinzo de Limia, 21 de novembro de 2024.